

Populares de Caldas de Reis acusa aos socialistas galegos de reivindicar as marabillas do termalismo nunha poza artificial de auga non termal e requentada

- Fernando Pérez lamenta que coa importancia que ten o termalismo para Caldas e para Galicia, os deputados autonómicos do PSOE elixen unha poza que é un fraude.
- “O ridículo é espantoso”, sinala.

13, abril, 21.- O Partido Popular critica que os deputados autonómicos do PSOE elixen as pozas da Tafona de Caldas para promocionar o turismo termal cando son, xustamente, o contrario do que é o termalismo. Para o voceiro dos populares en Caldas, Fernando Pérez, “tendo en conta a importancia que ten o termalismo para o noso concello e para Galicia, é un insulto que precisamente elixan unhas pozas que aínda non están rematadas e son un fraude, o que demostra o descoñecemento absoluto dos deputados autonómicos do PSOE ou ben que queren estafar promocionando unha poza que non ten auga termal”.

Polo tanto, para os populares “o ridículo dos socialistas galegos é espantoso, xa que reivindicán as marabillas da auga termal nunha poza que usa auga non termal e requentada. Unha auténtica cha-pozas que vai contra os intereses da nosa vila e da calidade do noso termalismo”.

O voceiro popular recorda que en Caldas, “desgraciadamente”, non hai ningún manancial de titularidade pública, como así o indican reiteradas sentenzas xudiciais. O único que existe é un convenio asinado entre o Concello de Caldas e un dos balnearios privados a principios do século XX, a través do que cede auga termal para a fonte pública. “Como o convenio di exactamente que a auga é para a fonte pública e non para as pozas, o que fai o alcalde é captar a auga xa usada da burga nun depósito, auga sucia, utilizada e, polo tanto, que xa non é termal nin cumpre coas medidas sanitarias. Esta auga se bombea ata as pozas e alí se requentá”, explica.

Desde o PP de Caldas coinciden en que é fundamental promocionar o termalismo, pero o termalismo real. “Non unhas pozas artificiais, un proxecto faraónico que leva en construción máis de dez anos e no que se leva gastado máis de un millón de euros, pero que ademais non ten auga termal. A auga que usa é reutilizada e sucia da burga”. Ademais, así o advirten tamén desde as Concellerías de Sanidade e Industria, xa que ao non haber control sanitario, esa auga utilizada da fonte xa non é termal.